

O valor botánico do espazo reside no bo estado de conservación das comunidades vexetais dos rochedos e acantilados costeiros e na presenza de varios endemismos e especies de relevante interese xeográfico.

A vexetación da área distribúese en tres zonas en función da súa proximidade ao mar:

- Zona máis baixa e próxima ao mar, ocupada por especies que se instalan nas paredes e fendas do acantilado como **liques** e **brións**.
- Zona de pasteiro e matogueira costeiros, situada xusto por enriba da anterior, caracterizada polo **perexil de mar** e a **herba de namorar**.
- Zona de vexetación que ocupa a parte máis interna da área. Está constituída basicamente por unha cuberta vexetal de matogueira non halófila, como o **toxo** e o **breixo**, e arboredo mixto de piñeiros e eucaliptos.

A maior parte do territorio está ocupada por comunidades vexetais de acantilado costeiro, onde a distribución das diferentes especies vén determinada pola proximidade ao mar. As condicións ambientais son especialmente difíciles o que vai influír na vida das especies que se instalan aquí.

